

NOME E APELIDOS:

D.N.I.:

NOTA INFORMATIVA

Este exercicio consistirá en contestar un cuestionario tipo test de cincuenta (50) preguntas e 2 de reserva con tres respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no Anexo I das Bases da Convocatoria. Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. A puntuación máxima será de 20 puntos, sendo necesario acadar a puntuación de 10 puntos para a súa superación. Cada pregunta correcta puntuará 0,40 puntos. **Cada tres preguntas erróneas desconta unha pregunta correcta. DISPÓN DE 90 MINUTOS PARA A SÚA REALIZACIÓN. ASINE TODAS AS PAXINAS.**

1. Sinale a resposta incorrecta: o artigo 6.2 da Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal (LOPD) determina as necesidades de consentimento do afectado para o tratamento automatizado dos seus datos persoais coas seguintes excepcións:
 - a) Cando os datos de carácter persoal se recollan para o exercicio das funcións propias das administracións públicas no ámbito das súas competencias.
 - b) Cando o tratamento dos datos teña por finalidade protexer un interese vital do interesado nos termos do artigo 7, apartado 6º, da LOPD.
 - c) Cando os datos figuren en fontes privadas pero o seu tratamento sexa necesario para a satisfacción do interese lexítimo perseguido polo responsable do ficheiro ou polo do terceiro a quen se comuniquen os datos, sempre que non se vulneren os dereitos e liberdades fundamentais do interesado.

2. A aplicación informática da Ficha Social deseñada co obxecto de conseguir unha utilización sinxela e áxil da información, recibe o nome de:
 - a) MATIASS.
 - b) SIUSS.
 - c) GenoPro.

3. Sinale a resposta incorrecta: é obrigatoria a emisión dun informe social cando:
 - a) Así se estableza nunha norma, sexa cal sexa o seu rango normativo.
 - b) Se solicitan a través doutros profesionais ou órganos da administración, que traballen en servizos de asistencia privada con responsabilidades de xestión de programas públicos.
 - c) Se o solicita o interesado, aínda que non exista historia social previa, sempre que sexa necesario para achegar a unha solicitude que vai presentar ante a Administración.

NOME E APELIDOS:

D.N.I.:

4. Sinale a resposta incorrecta:
A través do Plan concertado finánciase os seguintes conceptos:
- a) Gastos derivados da retribución do persoal adscrito aos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal.
 - b) Gastos de xestión e realización de programas sociais comunitarios, tanto os de carácter básico ou polivalente, como os de carácter específico ou sectorial.
 - c) **Gastos de mantemento de instalacións e equipos correspondentes ás oficinas municipais de servizos sociais comunitarios.**
5. Sinale a resposta incorrecta: a Lei10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social, no seu artigo 12, no que se especifican os requisitos xerais de acceso á Renda de Integración Social de Galicia, son os seguintes:
- a) Ter mais de 25 anos.
 - b) Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de lles prestar alimentos de acordo coa lexislación civil, e tendo en conta o disposto no artigo 16 desta lei.
 - c) **Dispor na unidade de convivencia de ingresos inferiores o importe do tramo de inserción que lle correspondería e, ademais, non dispor de bens patrimoniais dos cales se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia, de acordo cos criterios de computo establecidos no artigo 17 desta lei.**
6. A documentación que deberá achegar unha persoa que desexe solicitar por primeira vez praza no Programa de Turismo Social para maiores do IMSERSO é a seguinte:
- a) Solicitud; Fotocopia do DNI do solicitante e do cónxuxe se procede; Informe médico do solicitante e do cónxuxe, se procede.
 - b) **Solicitud.**
 - c) Solicitud; Fotocopia do DNI do solicitante e do cónxuxe se procede;
7. O artigo 5.4.a) do Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de protección para o recoñecemento, declaración e calificación do grao de minusvalía di de forma literal que "Se considerará a necesidade de asistencia de terceira persoa, sempre que se obteña no baremo un mínimo de:
- a) 5 puntos.
 - b) 10 puntos.
 - c) **15 puntos.**
8. Sinale a resposta incorrecta. Son obxectivos do MATIASS os seguintes:
- a) Ubicar a práctica dos Servizos Sociais no marco dos procedementos habituais e normas da Administración.
 - b) Ofertar aos técnicos unha guía de recursos e prestacións relacionados cos Servizos Sociais actualizada e manexable.
 - c) **Utilizar recursos existentes e identificar os non existentes.**

NOME E APELIDOS:

D.N.I.:

9. As estadias temporais en centros residencias con carácter xeral terán unha duración máxima anual de:
- a) Quince días, que se poderá prorrogar por un período máximo dun mes.
 - b) Dun mes, que se poderá fraccionar en períodos quincenais ou prorrogarse por un período máximo anual doutro mes.
 - c) Dous meses, que se poderá fraccionar en períodos quincenais ou prorrogarse por un período máximo anual doutro mes.
10. Son intervencións en servizos de carácter técnico-profesional de traballo social as seguintes:
- a) Información, orientación, asesoramento e acompañamento a persoas.
 - b) Apoio a mobilidade persoal.
 - c) Axuda no fogar.
11. A Lei de promoción á autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia establece un catálogo de servizos entre os que figuran:
- a) Servizo de información, orientación e asesoramento sobre a situación de dependencia e autonomía persoal.
 - b) Servizo de prevención das situacións de dependencia e a autonomía persoal.
 - c) Servizo de acompañamento no fogar.
12. É un principio da Lei de promoción de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia:
- a) A permanencia das persoas en situación de dependencia, sempre que sexa posible, no entorno no que se desenvolve a súa vida.
 - b) Respecto a súa autonomía e capacidade na toma de decisións.
 - c) Actitude exenta de xuízo na valoración das situacións de dependencia.
13. Pódese considerar familia numerosa:
- a) Un ou dous ascendentes con tres ou mais fillos ou fillas sexan ou non comúns.
 - b) O pai ou a nai cun fillo, cando teña falecido, o outro proxenitor/a.
 - c) Tres ou mais irmáns orfos/as de pai e nai menores de 18 anos (ou dous se un deles é discapacitado) que convivan e teñan unha dependencia económica entre eles.
14. Os servizos sociais comunitarios básicos desenvolverán as súas funcións de maneira estruturada, por medio dos seguintes programas:
- a) Programa de valoración, orientación e información, SAF, servizo básico de inserción social e programa de educación e apoio familiar.
 - b) Programa valoración, orientación e información, SAF, servizo de educación e apoio familiar, programa básico de inserción social, programa de fomento de cooperación e solidariedade social.
 - c) Programa valoración, orientación e información, SAF e calquera outro programa contemplado nunha área de ámbito de traballo social.

NOME E APELIDOS:

D.N.I.:

15. De conformidade co artigo 32 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, os servizos comunitarios financiaranse por medio de:
- a) Créditos consignados nos orzamentos das entidades locais, aportacións das Deputacións provinciais e pola realizadas a través da Xunta de Galicia e dos recursos xerados ingresos en concepto de copago dos servizos que realicen os/as usuarios/as.
 - b) Calquera outra aportación pública ou privada destinada a tal fin.
 - c) **A e B son certas.**
16. A cofinanciación municipal dos gastos correntes derivados da prestación dos servizos sociais comunitarios farase da seguinte forma:
- a) **Concello de menos de 20.000 Hab: o 20% do total do proxecto anual de servizos sociais comunitarios.**
 - b) Concellos de máis de 20.000 Hab: o 30% do total do proxecto anual de servizos sociais comunitarios.
 - c) O tanto por cento de aportación virá determinado pola capacidade económica que posúa cada Concello.
17. As distintas técnicas utilizadas no Traballo Social son:
- a) Entrevista, visita domiciliaria e xestión de expedientes.
 - b) Historia social, nº de expedientes e ficha social.
 - c) **Observación, entrevista e visita domiciliaria.**
18. Os tres niveis de intervención son:
- a) Traballo Social individual e grupal.
 - b) **Traballo social con casos, grupos e comunitario.**
 - c) Ningunha é correcta.
19. O artigo 49 que regula o Código Deontolóxico do Traballo Social enumera os profesionais que están suxeitos ó segredo profesional:
- a) **Os profesionais de Traballo Social calquera que sexa a súa titulación, ámbito de actuación e modalidade de exercicio profesional, os profesionais que traballan no equipo e o alumnado de prácticas e voluntariado.**
 - b) Os profesionais de Traballo social, calquera outro profesional que traballe co/a Traballador/a social.
 - c) Só os traballadores sociais
20. Segundo o marco normativo do RD-Lei 20/2012, para todos/as aquelas persoas que ingresan ao sistema de Lei de Dependencia a partir do 16/04/2012 o grao III terá unha intensidade de:
- a) Entre 56 horas e 70 horas/mes.
 - b) **Entre 46 horas e 70 horas/mes.**
 - c) Entre 46 horas e 55 horas/mes.

NOME E APELIDOS:

D.N.I.:

21. Os servizos sociais serán prestados por:

- a) As administracións públicas galegas directamente ou, de maneira indirecta, a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos.
- b) As administracións públicas galegas directamente ou, de maneira indirecta, a través de asociacións inscritas no rexistro de asociacións prestadoras de servizos sociais.
- c) As administracións públicas galegas ou calquera entidade privada autorizada para tal fin polo servizo de autorización e inspección da Xunta de Galicia.

22. O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia só se aplicará:

- a) Ás entidades privadas prestadoras de servizos sociais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.
- b) Ás entidades privadas e públicas que reciban subvencións para levar a cabo os seus programas.
- c) Ás entidades, públicas ou privadas, que presten servizos sociais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

23. O acollemento familiar ten como finalidade procurar á menor ou ó menor separado da súa familia as atencións adecuadas. Por tanto:

- a) Debe darse sempre no domicilio dunha familia que fora valorada como idónea previamente.
- b) Conleva sempre o ingreso dunha menor ou un menor nun centro residencial de titularidade da Comunidade Autónoma ou dunha institución pública ou privada colaboradora.
- c) Co obxecto de facilitar a integración da ou do menor nunha unidade familiar poderá compatibilizarse a utilización do acollemento residencial e o familiar.

24. Cales son os principios do traballo social que recolle o Código Deontolóxico do Traballo Social?

- a) Xuízo de valor, solidariedade e autonomía.
- b) Dignidade, liberdade, igualdade e coherencia profesional.
- c) Respetto, aceptación e universalidade e integridade.

25. Segundo o art. 7 da Lei de 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia, os deberes das persoas en relación cos servizos sociais son:

- a) Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais, participando activamente no proceso que xenere a intervención social da que sexan destinatarios.
- b) Comunicar ó persoal de referencia calquera cambio de domicilio a efectos de notificación.
- c) Facilitar canta documentación se sexa requirida par ao trámite de algunha intervención.

NOME E APELIDOS:

D.N.I.:

26. De conformidade co art. 73 da Lei de 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia é función da Inspección de Servizos Sociais:

- a) Velar polo respecto dos dereitos e das obrigas das persoas.
- b) Verificar o cumprimento dos requisitos e condicións esixibles para a prestación e o funcionamento dos servizos de conformidade coa súa normativa sectorial específica, e para a acreditación en materia de servizo sociais.
- c) Recoller as queixas e reclamacións.

27. A quen corresponde a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións?:

- a) Aos tenentes de alcalde.
- b) Ao secretario.
- c) Á xunta de goberno local.

28. Segundo a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, que regula as Axudas de Inclusión Social (AIS), un dos requisitos necesarios para poder ser beneficiarios é:

- a) Ser maior de 25 anos.
- b) Estar empadroad/a e ter residencia constatada polos servizos sociais comunitarios básicos en calquera dos concellos de Galicia.
- c) Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de lles prestar alimentos de acordo coa lexislación civil.

29. Sinala a resposta incorrecta:

Para a continuidade de percepción da Renda de Integración Social de Galicia, a persoa titular do dereito, ten a obriga de:

- a) Comunicar no prazo de 10 días o acceso a un emprego.
- b) Solicitar a baixa na prestación económica ou nalgún dos seus tramos, no prazo de 10 días a partir do momento en que se deixen de reunir o requisitos esixidos para a súa percepción.
- c) Comunica no prazo de cinco días o acceso a un emprego.

30. Segundo a Orde de 22 de xaneiro de 2009, que regula o Servizo de Axuda no Fogar, son deberes das persoas usuarias:

- a) Participar no pago do servizo nos termos que se establezan na súa normativa reguladora.
- b) Facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
- c) A e B son correctas.

31. Como se estrutura o Sistema Galego de Servizos Sociais?

- a) Servizos Sociais de atención primaria e Servizos Sociais de atención especializada.
- b) Servizos Sociais comunitarios e Servizos Sociais especializados.
- c) Servizos Sociais comunitarios básicos, Servizos Sociais comunitarios específicos e Servizos Sociais especializados.

NOME E APELIDOS:

D.N.I.:

32. A referencia da Lei de Promoción de Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de dependencia é:
- a) 39/2006 de 14 de decembro.
 - b) 39/2006 de 15 de decembro.
 - c) 36/2006 de 14 de decembro.
33. Que requisitos son necesarios para o tramite dunha pensión non contributiva de invalidez?:
- a) Residir legalmente en territorio español polo menos cinco anos dende que naceu dos cales dous deben ser inmediatamente anteriores á data da solicitude.
 - b) Residir legalmente en territorio español polo menos dez cinco anos dende que naceu dos cales cinco deben ser inmediatamente anteriores á data da solicitude.
 - c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.
34. É un requisito específico para ser beneficiario do programa de acollemento familiar para persoas con discapacidade:
- a) Posuír un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.
 - b) Posuír un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %.
 - c) Posuír un grao de discapacidade igual ou superior ao 75 %, con necesidade de axuda de terceira persoa
35. O termo *DEPENDENCIA* segundo a Lei de referencia, caracterízase por ser un:
- a) Estado de carácter permanente.
 - b) Estado derivado de patoloxías causadas principalmente polo envellecemento.
 - c) Estado que implica a necesidade de axudas técnicas ou humanas complexas.
36. Unha vez aprobado o PIA, se o beneficiario se trasladara definitivamente a outra Comunidade Autónoma, que obrigas existen á hora de comunicar o dito traslado?
- a) O beneficiario debe comunica-lo traslado á CCAA onde teña previsto establece-la súa residencia.
 - b) A Comunidade Autónoma de orixe ten obriga de comunicalo á Comunidade Autónoma de destino.
 - c) O usuario dispón de 6 meses para comunicalo traslado ás CCAA afectadas.
37. De conformidade co establecido na Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar, darase prioridade ós seguintes destinatarios:
- a) Persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade sen apoios.
 - b) Familias en risco de exclusión social.
 - c) Persoas que teñen recoñecido un dereito de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

NOME E APELIDOS:

D.N.I.:

38. Cal das seguintes funcións lles corresponde ós Servizos Sociais específicos?:
- a) A información, a orientación e o asesoramento de toda a poboación, facilitando o seu acceso ós recursos sociais.
 - b) A atención directa a colectivos con déficits de autonomía ou risco de exclusión que se desenvolve a través de programas en medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal.
 - c) Valorar, diagnosticar e intervir perante situacións que requiran unha alta especialización técnica e normalmente interdisciplinar.
39. Qué artigo da Constitución Española de 1978, se adica especialmente á poboación da 3ª idade?
- a) 49
 - b) 50
 - c) 51
40. Qué normativa regula o programa de acollemento familiar para persoas maiores e persoas con discapacidade?
- a) Orde de 8 de xaneiro de 2004.
 - b) Decreto 318/2003 de 26 de xuño.
 - c) Decreto 225/1994 de 7 de xullo.
41. Segundo a Lei de Promoción da Autonomía Persoal e atención a persoas en situación de dependencia: "*as tarefas mais elementais da persoa, que lle permiten desenvolverse con un mínimo de autonomía e independencia*" denomínanse:
- a) AIVD.
 - b) ABVD.
 - c) Autonomía.
42. A prestación de servizos sociais é un servizo mínimo a prestar nos concellos de máis de:
- a) Vinte mil habitantes.
 - b) Cincuenta mil habitantes.
 - c) Ningunha é correcta.
43. As Leis entrarán en vigor:
- a) Aos 20 días da súa completa publicación no BOE, en todo caso.
 - b) Aos 20 días da súa completa publicación no BOE, se naquelas non se dispuxera o contrario.
 - c) Aos 20 días da súa aprobación.

NOME E APELIDOS:

D.N.I.:

44. A notificación dun acto administrativo deberá conter sempre:

- a) **Indicación de si o acto é ou non definitivo na vía administrativa.**
- b) A súa motivación, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito.
- c) A firma da autoridade que o ditou.

45. A Constitución Española de 1978 recolle o dereito á intimidade persoal no:

- a) Artigo 24.2
- b) Artigo 18**
- c) Artigo 17.4

46. A personalidade xurídica dos Municipios, segundo a Constitución Española, é:

- a) Plena.**
- b) Propia.
- c) Dependente da súa autonomía.

47. Segundo o artigo 84 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o trámite de audiencia:

- a) Deberá realizarse en todo caso.
- b) Poderá prescindirse del cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.**
- c) Poderá acordarse polo órgano instrutor do procedemento, cando a natureza deste o requira.

48. Os servizos mínimos obrigatorios a prestar polo Concello de Forcarei, consonte ó disposto no artigo 26.1º da LRBRL, segundo a poboación coa que conta actualmente son:

- a) Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiros, acceso ós núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.**
- b) Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, e sumidoiros.
- c) Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiros, acceso ós núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, control de alimentos e bebidas, protección civil e prestación de servizos sociais.

49. O prazo para interpoñer o recurso potestativo de reposición será de:

- a) Un mes si o acto é expreso e tres meses si o acto é presunto.**
- b) Un mes tanto si o acto é expreso como si é presunto.
- c) Un mes si o acto é expreso e dous meses si o acto é presunto.

NOME E APELIDOS:

D.N.I.:

50. En materia de vivenda as competencias dos municipios son de carácter:

- a) Mínimo, a partir dos 20.000 habitantes.
- b) Complementarias ás de outras administracións.
- c) Non as teñen.

RESERVA:

1. De cantos títulos consta a Lei que regula os Servizos Sociais en Galicia?:

- a) 8
- b) 9
- c) 10

2. Segundo a Lei galega de Servizos Sociais, terán dereito de acceso aos Servizos Sociais:

- a) Cidadáns de estados membros da Unión Europea empadroados nun concello de Galicia.
- b) Persoas en estado de necesidade ou en situación de emerxencia social ou humanitaria.
- c) A e B son correctas .